



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

XUNTA DE GOBERNO LOCAL

BORRADOR ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2007

Alcalde-Presidente:

D. Manuel anxo Taboada Rodríguez.

Concelleiros:

D^a Araceli Río Bimbiela.

D. Roberto Iglesias Delgado.

D. Ildfonso Piñeiro Díaz.

D. Xesús Mazaira Varela

Secretario:

D. Rafael del Barrio Berbel.

No despacho da Alcaldía da Casa do Concello de Chantada, sendo as dezasete horas e trinta minutos do día 10 de outubro de dous mil sete, reuníronse logo da convocatoria, en legal forma practicada, os concelleiros que arriba se relacionan e que constitúen a maioría absoluta das que compoñen a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a

ORDE DO DÍA

1.- EXPEDIENTES DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.

Non se tratou.

2. - EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓNS.

2.1. - Adxudicación obra: "Demolición da casa do concello, adecuación da parcela e peche de parcela para a construción de nova casa do concello".Expte: 261/03/2007.

Resultando que por resolución da Alcaldía do día 4/09/2007 aprobouse a incoación do expediente de contratación da obra "Demolición da casa concello, adecuación da parcela e peche de parcela para a construción da nova casa do concello", segundo proxecto técnico redactado polos arquitectos Aurtenechea & Pérez-Iriondo, Arquitectos asociados, S.L", o presuposto dos cales a base de licitación ascende a un total de 77.151,60 euros, IVE incluído.

Vista a subvención plurianual concedida pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia para as obras de construción da casa do concello, por importe de 100.000 euros para a anualidade de 2007.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Resultando que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 6/09/2007, aprobou o expediente de contratación así como a licitación pública, mediante procedemento aberto e forma de concurso.

Resultando que trala regulamentaria publicidade, se celebrou acto público de apertura de plicas o día 8/10/2007.

Visto o informe do aparelador municipal de data 10/10/2007 sobre exame e valoración das ofertas presentadas.

Vista a acta da mesa de contratación, do día 10/10/2007, na que se propón a adxudicación a favor da oferta subscrita a mercantil Construcións Voces Chantada, S.L..

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 23,2,b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e o decreto de alcaldía do día 29/08/2007, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. - Adxudicar o contrato de obra "Demolición da casa do concello, adecuación da parcela e peche de parcela para a construción da nova casa do concello", segundo proxecto técnico redactado polos arquitectos Aurtenechea & Pérez-Iriondo, Arquitectos asociados, S.L.", á mercantil Construcións Voces Chantada, S.L., con CIF B-27139708, e domicilio en Chantada, rúa Juan XXIII, nº 53, como autora da proposición máis vantaxosa para a Corporación, pola cantidade de 69.400, 00 euros e un prazo de execución dun mes, aceptándose integramente as melloras propostas polo adxudicatario na súa oferta.

SEGUNDO. - Nomear director de obra ao arquitecto redactor do proxecto técnico, D. Eduardo Aurtenechea Fernández.

TERCEIRO. - Requirir o contratista adxudicatario para que constitúa a fianza definitiva por importe de 2.776 euros, e asine o contrato administrativo no prazo de quince días e un mes, respectivamente, dende a recepción da notificación do presente acordo.

CUARTO. - Dispoñer o gasto que para o Concello representa a realización da obra de referencia con cargo á partida presupostaria correspondente do presuposto xeral vixente.

QUINTO. - Notificar o presente acordo a tódolos licitadores e devolverlles as garantías e a documentación presentadas, e comunicalo á Área Económica e de Urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

SEXTO. -Facultar o Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a sinatura dos documentos necesarios para a execución dos anteriores acordos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2.2. - Adxudicación obra: "Iluminación pública no paseo peonil do río Asma, fase 1ª". Expte: 261/01/2007.

Resultando que por acordo plenario da Deputación Provincial de Lugo do día 26/03/2007 aprobouse o "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de estradas", así como o "Plan complementario", incluíndose neste a obra "Iluminación pública no paseo peonil do río Asma".

Resultando que por Resolución de Alcaldía do día 3/09/2007 aprobouse a incoación do expediente de contratación da obra "Iluminado público no paseo peonil do río Asma, 1ª fase," segundo proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D.Manuel Ferreiro Fernández (fases 1ª e 2ª).

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 6/09/2007 aprobouse o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas particulares da citada obra, mediante procedemento aberto, forma concurso, e con carácter urxente.

Resultando que tras a regulamentaria publicidade, se celebrou acto público de apertura de plicas o día 2/10/2007.

Vistos os informes que obran no expediente exame e valoración das ofertas presentadas, así como a acta da mesa de contratación do día 10/10/2007, na que se propón a adxudicación a favor da oferta subscrita a mercantil Rabelas, S.L.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 23,2,b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e o decreto de alcaldía do día 29/08/2007, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. - Adxudicar o contrato de obra "Iluminación pública no paseo peonil do río Asma, 1ª fase," segundo proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D.Manuel Ferreiro Fernández (fases 1ª e 2ª), á mercantil Rabelas, S.L., con CIF B-27102128, domiciliada en Chantada, rúa Antonio Lorenzana, nº 4, como autora da proposición máis vantaxosa para a Corporación, pola cantidade de 84.000,00 euros e un prazo de execución de dous meses, aceptándose integramente as melloras propostas polo adxudicatario na súa oferta.

SEGUNDO. - Nomear director de obra ao aparelador municipal, D, Clemente Fradejas Morillo.

TERCEIRO. - Requirir o contratista adxudicatario para que constitúa a fianza definitiva por importe de 3.360 euros, e asine o contrato administrativo no prazo de quince días e un mes, respectivamente, dende a recepción da notificación do presente acordo.

CUARTO. - Dispoñer o gasto que para o Concello representa a realización da obra de referencia con cargo á partida presupostaria correspondente do presuposto xeral vixente.

QUINTO. - Notificar o presente acordo a todos os licitadores e devolverlles as garantías e a documentación presentadas, e comunicalo á Área Económica e de Urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

SEXTO. -Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a sinatura dos documentos necesarios para a execución dos anteriores acordos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2.3. - Contratación obra menor acondicionamento de accesos no campo de fútbol. Expte: 261/04/2007

Atendendo a que o Concello non dispón na actualidade de medios materiais e persoais suficientes para levar a cabo na súa totalidade as obras de acondicionamento dos accesos e zonas verdes do campo de fútbol, de acordo co proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 2/08/2007, Expte 311/18/2007.

Visto o presuposto do día 28/03/2007, presentado o 7/09/2007 pola mercantil Ogasaviales de Lugo, S.L., con CIF B-27291038, e domicilio para os efectos de notificacións en Lugo, rúa Quiroga nº 35-37, Entpta A(CP 27004), para a realización de obras menores nos accesos ao campo de fútbol, por importe de 29.047,33 euros, IVE incluído.

Visto o correspondente informe da interventora municipal do día 20/09/2007, sobre a existencia de crédito presupostario suficiente.

Considerando o establecido en relación cos contratos menores nos artigos 56 e 201 do Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, que aproba o Texto Refundido de Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 23,2,b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e o decreto de alcaldía do día 29/08/2007, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. - Adxudicar á mercantil Ogasaviales de Lugo, S.L., con CIF B-27291038, e domicilio para os efectos de notificacións en Lugo, rúa Quiroga nº 35-37, Entpta A(CP 27004), o contrato menor de obra para a realización de obras nos accesos ao campo de fútbol por importe de 29.047,33 euros, IVE incluído, de acordo co proxecto aprobado por acordo de Xunta de Goberno Local do día 2/08/2007(Expte 311/18/2007).

SEGUNDO. - Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida presupostaria correspondente do vixente presuposto.

TERCEIRO. - Autorizar o Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos necesarios para levar a bo termo o acordado.

CUARTO. - Notificar a presente resolución ao interesado e comunicalo á Área Económica e demais departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

2.4. - Aprobación de certificacións de obras e facturas do P.O.S. 2005, nº 20.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 29/09/2005 se adxudicou a obra "Pavimentación e renovación de servizos na Avenida Juan XXIII, 1ª fase," incluída no Plan Provincial de 2005, nº 20, á empresa Construcciones Voces, Chantada, S.L., por importe de 100.468,64 euros.

Vista a acta de recepción da obra do día 21/08/2007, a certificación de obra única por importe de 100.468,64 euros, e a factura nº 30/07 emitida o día 21/08/2007 pola empresa Construcciones Voces, Chantada, S.L., por importe de 100.468,64 euros.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Visto o informe favorable da interventora municipal do día 8/10/2007.

Considerando o establecido ao respecto nos artigos 99 e 145 do Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RDLexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 23,2,b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e o decreto de alcaldía do día 29/08/2007, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación de obra única da obra "Pavimentación e renovación de servizos na Avenida Juan XXIII, 1ª fase,", incluída non Plan Provincial de 2005, nº 20; e a factura nº 30/07 do contratista Construcciones Voces Chantada, S.L., por importe de 100.468,64 euros, con cargo á partida presupostaria 511.611.00 do estado de gastos dos ornamentos respectivos.

SEGUNDO. - Remitir o presente acordo e a documentación correspondente á Excm. Deputación de Lugo aos efectos de xustificación da subvención do Plan Provincial de 2005, e comunicarllo aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos".

2.5. - Aprobación de certificacións de obras e facturas do P.O.S. 2006, nº 19.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 28/09/2009 se adjudicou a obra "Urbanización rúa Manuel Formoso Lamas e prolongación, 1ª e 2ª fase", incluída non Plan Provincial de 2006, nº 19, á empresa Construcciones Voces, Chantada, S.L., por importe de 151.300,00 euros.

Vista a acta de recepción da obra do día 21/08/2007, a certificación de obra única por importe de 151.300.00 euros, e a factura nº 31/07 emitida o día 21/08/2007 pola empresa Construcciones Voces, Chantada, S.L., por importe de 151.300,00 euros.

Visto o informe favorable da interventora municipal do día 8/10/2007.

Considerando o establecido ao respecto nos artigos 99 e 145 do Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RDLexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 23,2,b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e o decreto de alcaldía do día 29/08/2007, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar certificación de obra única da obra "Urbanización rúa Manuel Formoso Lamas e prolongación, 1ª e 2ª fase", incluída non Plan Provincial de 2006, nº 19; e a factura nº 31/07 do contratista Construcciones Voces Chantada, S.L., por importe de 151.300,00 euros,



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

con cargo á partida presupostaria 511.611.00 do estado de gastos dos ornamentos respectivos.

SEGUNDO. - Remitir o presente acordo e a documentación correspondente á Excm. Deputación de Lugo aos efectos de xustificación da subvención do Plan Provincial de 2006, e comunicarllo aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- EXPEDIENTES DE RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS ECONÓMICAS.

3.1.- Aprobación e disposición de gastos e recoñecemento da obrigación diversas facturas do obradoiro de emprego. Expte: 441/32/2007.

Vistas as facturas e demais elementos de cargo que se relacionan a continuación, aportadas pola Directora do Obradoiro de Emprego, e fiscalizadas favorablemente pola interventora Municipal no seu informe do día 9/10/2007, pertencentes aos gastos de material, subministros e bens correntes e de servizos, cuxo importe elévase a 50.421,62 euros.

A proposta da Interventora, acordouse abranguer nun só acto a autorización, disposición ou compromiso do gasto, liquidación das obrigas e a aprobación do pago das facturas relacionadas.

Considerando o disposto en relación coa execución do presuposto nos artigos 183 a 190 RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLHL), en los artigos 53 a 76 del RD 500/90, de 20 de abril, e nas Bases de execución do presuposto do presente ano.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 y 23,2,b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e o decreto da alcaldía do día 29/08/2007, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- A autorización e disposición do gasto, recoñecemento das obrigas, e aprobación do pago no seu caso, das seguintes facturas do obradoiro de emprego que se relacionan a continuación, con cargo á partida presupostaria 434.601.02 do vixente presuposto:

DENOMINACIÓN	Nº FACTURA	IMPORTE
JUAN ENRIQUE OTERO RODRÍGUEZ	A/70076	87
VIDRIERA LARA S.L.	F14609	102,44
MADERAS TORREIRA S.L.	A-37/07	231,07
ESTACIÓN DE SERV. CHANTADA S.L.	9570458	302,5
LOBELLE S.L.	1895/07	453,17
JOSE MANUEL OTERO BOÁN	305	2663,17
NORQUIMIA S.A.	712467	450,66
VIDRIERA LARA S.L.	F14483	84,17
ALMACENES REYGO S.L.	422	2657,42
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN S.L.	1208	1802,08
NORDYTMA S.L.U.	A/387	65,77
CANTERAS HERMANOS LÓPEZ S.L.	58/73	3379,23
SEGAPREL S.L.	LU/15693	357,5
CANTERAS HNOS. LOPEZ S.L.	82	96,25



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

LOBELLE S.L.	2155/07	263,12
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN S.L.	1238	1392
RABELAS S.L.	5284/07	1105,1
CONCEPCIÓN SAA SOMOZA	1099	88,74
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN S.L.	1227	2593,96
Mª FLOR CONDE LÓPEZ	25	552,74
LIBRERÍA MAGO S.L.	118	21,7
SEGUNDO PABLO OTERO TABOADA	1003	574,2
CARLOS VÁZQUEZ FERNÁNDEZ	2069	1044,81
AGROBOTICA CHANTADA S.L.	601974	1596,7
REY PROTESOS FUNDIÇÃO S.L.	655	4829,29
EMILIO JESÚS LEVICES GONZÁLEZ	20070054	562,5
FRANCISCO QUINZÁN PARDO	30	1983,6
ALMACENES REYGO S.L.	527	80,69
VIDRIERA LARA S.L.	14681	249,48
ASOCIACIÓN ASDEME	700083	629,3
PREFABRICADOS CHANTADA S.L.	1143	392,14
MADERAS BESTEIRO S.L.	4783	351,34
LEGUIMEX S.L.	71	5902,08
VICENTE DIEGUEZ SIMÓN	7000044	884,82
VICENTE DIEGUEZ SIMÓN	7000045	2874,45
VICENTE DIEGUEZ SIMÓN	7000046	4658,12
CERRAJERIA MARBE S.L.	36	3886
Canteras Hnos. Lopez S.L.	72/07	412,51
Suministros Gallegos S.L.	ALQ-916	63,8
Suministros Gallegos S.L.	VEN-698	696
TOTAL		50421,62

SEGUNDO.-Notificar o presente acordo ó interesado e comunicarllo ós servizos económicos para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.2 Concesión subvención nominativa a C.B. Chantada e aprobación do gasto. Expte 4.4.1/33/07.

Visto o escrito presentado por D. Tarsicio Montenegro Cervelo, en representación do “CB Chantada”, do día 4/10/2007, RE 2970, no que solicita que lle sexa aprobada unha axuda económica por importe de 18.030,00 euros que figura no presuposto de 2007 para a realización de diversas actividades do Club.

Visto o informe da interventora municipal do día 9/10/2007.

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal do día 10/10/2007.

Visto que se aporta a debida xustificación da subvención mediante as correspondentes facturas e demais xustificantes de gastos por importe de 41.042,57 euros.

Considerando o disposto en canto á concesión de subvencións nominativas nos artigos 22.2 a), 28 e 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; 11.1 a) da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Chantada, do día 24/11/2005 (BOP de 21/12/2005) e na Base 31ª das Bases de Execución do Presuposto para o ano 2007.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 y 23,2,b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e o



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

decreto de alcaldía do día 29/08/2007, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, dos asistentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a CB Chantada unha subvención de 18.030,00 euros prevista nominativamente nos orzamentos de 2007.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto con cargo á partida 452.489.00 do presuposto corrente, e ordear o pago da citada subvención por importe de 18.030,00 euros a favor do CB Chantada.

TERCEIRO.- Prestar conformidade ó endoso das facturas e demais xustificantes de gastos presentados na entidade “La Caixa”, oficina de Chantada, se ben este Concello non se fará cargo dos intereses ou gastos de calquera tipo que se deriven pola demora no pagamento das cantidades endosadas.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ós interesados e comunicarllo ós servizos económicos, para os efectos oportunos sobre o particular.

3.3. Concesión de axuda económica a Chantada Club de Karate. Expte:4.4.1/34/2007.

Visto o escrito de D. Iñaki Muñoz Pérez, en representación de Chantada Karate Club, do día 12/09/2007, RE nº 2701, con domicilio en Chantada, rúa Concepción Arenal, nº 3, no que solicita unha axuda económica para os gastos dos IV encontros de artes marciais, así como a utilización do pavillón municipal para os días 12 e 13 de outubro.

Visto o informe favorable da interventora municipal do día 9/10/2007.

Visto o informe xurídico do secretario municipal do día 10/10/2007.

Considerando o disposto en canto á concesión de subvencións na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Chantada, do día 24/11/2005 (BOP de 21/12/2005), e nas Bases de Execución do Presuposto vixente.

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2 b) da Lei 7/85, do 2 de abril (LBRL), 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 29 de novembro; e no Decreto da Alcaldía do día 29/08/2007, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder Chantada Karate Club unha axuda económica por importe de 100,00 euros, para financiar parte dos gastos dos “IV encontros de artes marciais”, debendo achegar a correspondente factura polo importe total dos gastos.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto con cargo á partida presupostaria 541.489.02 do presuposto vixente.

TERCEIRO.- Autorizar a Chantada Karate Club a utilización do pavillón municipal para os días 12 e 13 de outubro, debendo deixar as instalacións nas mesmas condicións de orde e limpeza na que se encontraban, responsabilizándose dos danos o desperfectos que se poidan producir.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ó interesado e comunicarllo ó departamento municipal de Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

4.- ANALISE DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO.

Non se tratou.

E sendo as dezanove horas, e cumprido co obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, do que, como secretario, dou fe e certifico.